

2 de decembro de 2014

COMUNICADO DE CONFAPA GALICIA, TRAS DA REUNIÓN DA PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA, NO DÍA DE HOXE, CON MOTIVO DO ESTUDO DO CONSELLO ESCOLAR DEL ESTADO CO TÍTULO: “LA PARTICIPACIÓN DE LAS FAMILIAS EN LA EDUCACIÓN ESCOLAR”

Helena Gómez Vecino, membro da **Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia**, en representación das ANPAs de centros públicos de Galicia, como Presidenta de **CONFAPA-GALICIA**, quere expresar que consideramos que o estudo realizado polo **Consejo Escolar del Estado** non aborda a participación real das familias na Educación, senon a súa implicación como nais e pais na marcha académica dos seus fillos e fillas. Algo que, poidendo denominarse participar, non é o que a Comunidade Educativa entende por iso, xa que se refire a un concepto máis amplo que nace directamente do Artigo 27 da Constitución e que consiste en tomar parte activa no control e xestión dos centros educativos.

O estudo non recolle a realidade que se vive nas ANPAs.

O estudo faise por “*expertos*” sen contar cos verdadeiros expertos: as Asociacións de Nais e Pais, as Federacións e as Confederacións, (nin con **CEAPA**, a nivel do Estado, da que formamos parte, nin con **CONFAPA**, en Galicia). que as aglutinan e que constitúen o movemento asociativo adulto máis importante e numeroso que existe actualmente no Estado e tamén en Galicia.

O documento recolle unha serie de recomendacións ás familias sobre a organización familiar, o reforzo educativo na casa e a colaboración (que non participación) co profesorado e o centro, tentando que se acepte unha visión do papel das familias reducido a potenciar o rendemento académico e a mellora do clima escolar do centro; induce deliberadamente a aceptar, ademais, que se non se acadan os obxectivos a responsabilidade debe recaer nas familias, en vez de poñer o énfase onde debe estar: nun sistema que aumenta o seu fracaso por impoñer cuestións ideolóxicas e que devolve o sistema educativo do noso país a mediados do século pasado.

CONFAPA-GALICIA manifesta, pois, o seu total desacordo. Consideramos que se desaproveitou a ocasión de elaborar un estudo veraz, real e que reflicta o día a día nos centros escolares. O estudo non se realizou contando con todas as organizacións que participamos no **Consejo Escolar do Estado**.

Somos moitos os actores que participamos na mellora do sistema educativo: Administración, Profesorado, Familias e Alumnado. Este estudo merece ser cuestionado e que se saiba que está totalmente deslexitimado.

Atentamente,

Área de Comunicación e Publicacións
Xunta Directiva

Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos
CONFAPA GALICIA

(Fundada en 1987 polas Federacións Provinciais de ANPAs de Centros Públicos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra)
Rúa Orzán, 21. 15003 A Coruña Tlf. 981202002 - Fáx. 981201962
Correo-e: confapagalicia@confapagalicia.org